



Datos da persoa que autoriza:

Nome:		DNI:	
Relación co alumno ou alumna	Nai <input type="checkbox"/>	Pai <input type="checkbox"/>	Titor/a legal <input type="checkbox"/>

Datos do alumno ou alumna:

Nome:				
Nivel: ESO <input type="checkbox"/>	BAC <input type="checkbox"/>	FPB <input type="checkbox"/>	Curso: 1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/>	Grupo:
Tipo de autorización		Uso da imaxe <input type="checkbox"/>		saída do centro <input type="checkbox"/>

Descrición da actividade:

Participación no programa Xogade de deporte escolar da Xunta de Galicia, dentro do plan Proxecta desenvolvido polo departamento de Educación Física.

Saída ao Campamento Virxe do Loreto en Porto do Son, o día 24 de novembro de 2021, as 9:35h., para participar nunha **carreira de Orientación** organizada pola Secretaría Xeral para o Deporte.

A chegada está prevista ás 14:15 h.

A autorización ao uso da imaxe permite ao centro a utilización de imaxes do alumno ou alumna para a realización de memorias para o centro ou administración educativa, publicación na páxina web do centro e/ou exposicións dentro das instalacións do centro.

Santiago a _____ de _____ de 20____

A nai/pai/titor ou titora legal



asdo:

I. TIPIFICACIÓN DE CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA NAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

1. Conduas contrarias ás normas de convivencia:

- a. As faltas inxustificadas de puntualidade.
- b. A falta de asistencia sen comunicar previamente.
- c. Non traer á actividade o material necesario requerido polo profesor.
- d. Aquelas condutas que perturben levemente o normal desenvolvemento da actividade, impedindo o exercicio do dereito á aprendizaxe dos seus compañeiros e o dereito do profesor ou de calquera persoa relacionada coa actividade a cumprir co seu deber.
- e. Calquera conduta que supoña unha falta de respecto ao profesor, aos seus compañeiros e a calquera persoa relacionada coa actividade.
- f. Causar danos non graves de forma intencionada ou por negligencia nas instalacións ou material dos lugares que se visiten na realización dunha actividade extraescolar.
- g. Utilizar o móbil ou calquera outro aparello electrónico cando non está permitido.
- h. Gravar imaxes, sons ou vídeos sen consentimento.

2. Son condutas gravemente contrarias ás normas de convivencia:

- a. Abandonar a actividade.
- b. Falsificar o permiso para a actividade.
- c. Difundir en Internet, ou en outros lugares públicos, imaxes da actividade ou de calquera persoa relacionada ca actividade sen o seu consentimento.
- d. Introducir ou consumir na actividade bebidas alcohólicas e substancias sicotrópicas ou estar baixo os seus efectos, así como portar obxectos perigosos ou substancias prexudiciais para a saúde e a integridade persoal.
- e. Causar danos graves de forma intencionada ou por negligencia nas instalacións ou material dos lugares que se visiten na realización dunha actividade extraescolar.
- f. Os comportamentos de carácter violento, discriminatorio, sexista ou de acoso con calquera persoa.
- g. Non cumprir co compromiso económico e de participación.
- h. A reiteración de faltas contrarias ás normas de convivencia.

II. NORMAS DE COMPORTAMENTO DURANTE AS ACTIVIDADES QUE CONLEVAN UNHA VIAXE.

- a. Respetar o horario ao máximo. Para poder cumprir o programa non se admiten retrasos.
- b. Seguir as indicacións dos profesores responsables para o que é imprescindible gardar silencio cando se lle requira.
- c. Especial coidado no comportamento no hotel e sobre todo riguroso silencio no tempo sinalado polo hotel para o descanso nocturno.
- d. O consumo de alcohol e doutras substancias nocivas está estritamente prohibido.
- e. No autobús seguir as indicacións dos chóferes no que se refire a limpeza dirixíndose sempre a eles con respecto. Respetar o sono dos compañeiros durante a viaxe.
- f. Levar sempre o enderezo do hotel, o número de teléfono dos profesores, a tarxeta de identidade ou o pasaporte. Tratar sempre de non alonxarse do grupo.
- g. No caso de que se producise algún incidente grave a alumna ou alumno será reenviado coa súa familia, que se fará cargo de todos os gastos económicos que se deriven. (Esta norma deberá constar sempre na folle de permiso que asinen as familias para cada actividade).

III. SANCIONS E CORRECCIONS DE FALTAS.

- a. As sancions e correccións de faltas serán as mesmas e seguirán o mesmo procedemento que aparece contemplado no regulamento de réxime interior do centro.
- b. O centro poderá prohibir a asistencia aa este tipo de actividades a aqueles alumnos ou alumnas que cometesen faltas graves con anterioridade no centro.
- c. Os alumnos ou alumnas que cometesen algunha falta grave durante unha actividade extraescolar ou complementaria, ademais das sancions contempladas no RRI, poderán ser apartados das actividades durante o período de tempo que se considere oportuno, podendo ser dun curso escolar no caso dunha falta grave ou dun trimestre se a falta é menor.

Normas aprobadas polo Consello Escolar na reunión de 27 de marzo de 2012